

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Exercicio

2023

1. DATOS DA ENTIDADE

A. Identificación da Entidade

Denominación

DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA SÍNDROME DE DOWN

Réximen Xurídicoⁱ

ASOCIACIÓN segundo a Lei de Asociacións de 24 de Decembro de 1964; o Decreto de 20 de Maio de 1965; A Orde do 25 de xullo do mesmo ano, a Lei de Procedemento Administrativo de 17 de Xullo de 1958, a Orde de 26 de Setembro de 1977 e a Constitución Española. Lei Orgánica 1/2002 reguladora do dereito de Asociación.

Rexistro de Asociaciónsⁱⁱ

- Rexistro de Asociacións do Goberno Civil de Pontevedra nº 1979.
- Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 1989-1979-1 (PO).
- Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Secretaría Xeral de Benestar O-151.
- Rexistro de Asociacións do Concello de Vigo, dentro do apartado "Asistencial e da saúde" como Asociación de Discapacidade Psíquica co número 248/92.
- Rexistro Único de Entidades Prestadora de Servizos Sociais –RUEPSS– da Xunta de Galicia co número E-153.
 - Centro E153C1- Vivenda Aragón
 - Centro E153C2- Vivenda Anduriña
- Declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior en febreiro do ano 2000 co número 90.183.
- Réxime Fiscal Especial do Título II da Lei 49/2002, "Lei de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenazgo", desde o ano 2006.
- Rexistro de Centros de Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia –REXCE– co número C36-002049, contempla a oferta asistencial: U.61-Logopedia e U.900.70-Psicoloxía Sanitaria, desde o 13 de novembro do 2013.

Número de Inscripción no Rexistro Correspondiente	Data de Inscripción	CIF
1979	15/11/1989	G36697324

B. Domicilio da Entidade

Rúa / Plaza	Número	Código Postal
Rúa Portela	48-baixo	36214
Localidade / Municipio	Provincia	Teléfono
Vigo	Pontevedra	986201656
Dirección de Correo Electrónico		Fax
downvigo@downvigo.org		

2. FINS ESTATUTARIOS

O fin da Asociación é a promoción e realización de cantas actividades estean encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down, facendo especial énfasis naquelas dirixidas á integración da vida familiar, escolar, social e laboral, puidéndose beneficiar destas actividades tamén as persoas con outra discapacidade.

Para a consecución dos nosos fins, a Asociación realiza as seguintes actividades:

- a) A creación e promoción de servizos de atención directa, que sirvan para a atención, formación, promoción da autonomía e integración na sociedade das persoas con Síndrome de Down.
- b) A creación e/ou promoción de todos aqueles servizos que redunden na formación de quen lles procuren os apoios para o seu desenvolvemento persoal (voluntarios, profesionais, familias, etc.).
- c) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas con Síndrome de Down, especialmente ás nais e pais con sobrecargas familiares.
- d) Fomentar a promoción da muller coa Síndrome de Down en tódolos ámbitos. Fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva que promovan a inclusión social en tódolos ámbitos (escolar, familiar, social, laboral) das mulleres e homes con Síndrome de Down.
- e) Promover e organizar actividades de Lecer e Tempo Libre dirixidas a mozos coa Síndrome de Down, que fomenten a súa participación na comunidade e xa que logo a súa integración social. Para tal fin, constituirá unha sección xuvenil.
- f) Orientación, asesoramento e información aos pais, titores e/ou gardadores de feito sobre os dereitos, recursos públicos das persoas con Síndrome de Down, ao amparo da lexislación vigente.
- g) Difusión de publicacións, boletines informativos, carteis, etc. sobre temas de interese relacionados coa discapacidade, o movemento asociativo, temas relacionados coa Asociación en xeral, actividades de sensibilización, etc.
- h) Reivindicación de comportamentos e normas que promovan e sexan compatibles coa dignidade e a debida atención ás persoas con Discapacidade Intelectual así como a súa denuncia de todas aquelas accións que atenten contra a súa dignidade ou dereitos.
- i) Reivindicación ante os organismos correspondentes da inclusión de programas específicos para as persoas con Síndrome de Down nos servizos de saúde.
- j) Actividades de colaboración con outras entidades e institucións.
- k) Calquera outra actividade que contribúa ao cumprimento dos fins.

3. NÚMERO DE SOCIOS

Nº de persoas físicas asociadas	Nº de persoas xurídicas asociadas	Nº total de socios ⁱⁱⁱ
321	11	332

Natureza das persoas xurídicas asociadas

Sociedade Limitada. Sociedade Limitada Unipersonal. Sociedade Limitada Nova Empresa.

3. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS, RESULTADOS E BENEFICIARIOS

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade

SEPA: SERVICIOS DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

Servizos comprendidos na actividade

1. Área de información, valoración, seguemento e orientación: Esta área inclúe o servizo de valoración, seguemento, avaliación e coordinación, e o servizo de información, orientación e formación a familiares, co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia e favorecer o seu desenvolvemento e evolución, intervindo no núcleo familiar como principal axente socializador, e considerando as necesidades familiares derivadas da dependencia:
 - Valoración, seguemento, avaliación e coordinación: Aproxima coñecemento e criterios unificados e homoxéneos baseado na planificación individualizada dos apoios que cada persoa necesita, e tendo como referente a metodoloxía da planificación centrada na persoa (PCP); achegando desta forma un enfoque integral, no que o usuario, a súa familia e o seu círculo de apoio máis próximo, son partícipes de igual forma que os profesionais na elaboración da citada planificación. Ademais, efectúan tarefas de seguemento, avaliación e coordinación, xunto co usuario e a familia.
 - Información, orientación e formación a familiares: Tendo como finalidade acompañar ás familias de persoas dependentes no seu proxecto de vida, partindo dos seus propios recursos e fortalezas, atendendo ás súas necesidades e demandas, e facilitando os apoios necesarios para mellorar a súa calidade de vida e o benestar de cada un dos seus membros
2. Atención temperá: Conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0-6 anos á familia e á contorna, que teñen por obxectivo dar resposta o máis pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecelos. Estas intervencións, que deben considerar a globalidade do neno, han de ser planificadas por un equipo de profesionais de orientación interdisciplinar ou transdisciplinar (Libro Branco de Atención Temperá).
3. Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional: Inclúe un conxunto de intervencións orientadas a manter ou mellorar a capacidade para realizar as AVD, evitar a aparición de limitacións na actividade, deficiencias ou déficits secundarios, co fin de alcanzar o maior nivel de autonomía e calidade de vida. Con carácter xeral as actuacións levaranse a cabo enfocadas ao mantemento das persoas na súa contorna física e relacional.
 - Rehabilitación funcional: Servizo integrado polo conxunto de actuacións que permiten que a persoa alcance un nivel físico, mental e/ou social funcional óptimo, proporcionándolle así os medios de modificar a súa propia vida. Pode comprender medidas encamiñadas a compensar a perda dunha función ou unha limitación funcional (por exemplo, axudas técnicas), e outras medidas encamiñadas a facilitar axustes ou reaxustes sociais
 - Outras terapias alternativas: Conxunto de medios e estratexias destinadas á estimulación multisensorial das persoas con dependencia a través da música, a cor, o contacto cos animais, etc, que posibilitan a súa recuperación física e emocional e a súa integración social.
 - Logopedia: Servizo prestado a través de actividades de prevención, avaliación e recuperación dos trastornos da audición, a fonación e a linguaxe, mediante técnicas terapéuticas propias da disciplina. O obxectivo deste servizo é facilitar ao

- usuario a comunicación para lograr un nivel óptimo de interacción e relación, así como unha adecuada competencia social
- **Terapia ocupacional:** conxunto de intervencións dirixidas, en función das necesidades de cada persoa, a previr ou reducir unha limitación na actividade ou alteración da función física, intelectual, sensorial ou mental, así como a manter ou mellorar as habilidades xa adquiridas, coa finalidade de conseguir o maior grao posible de autonomía persoal, adaptación á súa contorna, mellora na calidade de vida e integración na vida comunitaria. Serán persoas beneficiarias deste servizo as que teñan dificultades para realizar as actividades da vida diarias (AVD), fundamentalmente con problemas do desempeño de tipo F, ata algúns de tipo C como nos casos de dano cerebral sobrevivido.
 - **Estimulación cognitiva:** Tratamento terapéutico que, por medio das técnicas adecuadas, ten por finalidade manter, mellorar o funcionamento dalgunha ou dalgunhas das capacidades cognitivas superiores (razoamento, memoria, atención, concentración, linguaxe e similares), das capacidades funcionais, a conduta e/ou a afectividade. Serán persoas beneficiarias as persoas con deterioración cognitiva, sobrevivido ou dexenerativo, dano cerebral ou alteración das funcións mentais superiores debidas ao envellecemento, trastorno mental, discapacidade intelectual ou por etioloxía non filiada
 - Estimulación da memoria
 - Concentración e redución da fatiga
 - Estimulación na atención, razoamento, abstracción e orientación
 - Apoio en funcións executivas, cálculo, lectoescritura, intervención sobre as afasias
 - **Estimulación sensorial:** Servizo que, a través de estímulos (oral, olfativa, gustativa, táctil, visual, comunicación, etc.), aumenta ou diminúe o nivel de alerta e favorece a maduración do sistema nervioso central, favorece respostas motoras normais, mellora aprendizaxes, e favorece un maior contacto co ambiente.
 - **Atención psicomotriz:** Servizo que integra as interaccións cognitivas, emocionais, simbólicas e sensomotrices na capacidade de ser e de expresarse nun contexto psicosocial, desempeñando un papel fundamental no desenvolvemento armónico da personalidade, e aumentando a capacidade de interacción do suxeito coa contorna.
 - **Atención psicolóxica:** Servizo dedicado ao diagnóstico e tratamento dos trastornos do cerebro, trastornos emocionais e problemas de conduta.
 - **Atención pedagóxica:** Servizo dirixido ó proceso educativo-formativo da persoa, nos aspectos psicolóxico, físico e intelectual.
4. **Área de actividades e programas. Actividades de ocio e tempo libre:** Servizo que inclúe a organización e realización de actividades lúdicas, culturais e sociais, proporcionando os apoios necesarios para que as persoas dependentes cheguen a dispor de habilidades necesarias para gozar do seu tempo de ocio da forma máis autónoma posible.
5. **Área de habilitación psicosocial:** Conxunto de actuacións encamiñadas a prestar apoios, transitorios ou permanentes, a fin de mellorar as posibilidades de manter ás persoas na contorna familiar e social nas condicións máis normalizadas e independentes que sexa posible.
- **Deseño de estratexias psicoeducativas:** Deseño de habilidades sociais e educativas para o abordaxe de problemáticas específicas, mediante un proceso terapéutico e rehabilitador, procurando a permanencia no seu contorno habitual. As/os destinatarios/as serán as persoas dependentes e as súas familias.
 - **Apoio á vida independente:** Servizo de orientación e apoio ás persoas dependentes que, nalgúns aspectos, suscitan necesidades ou teñen carencias

- que non poden satisfacer por si mesmas, mellorando e desenvolvendo o funcionamento individual das mesmas. O servizo garante unha prestación dinámica e flexible, adaptada ás necesidades de cada persoa usuaria do servizo. Servizos desenvolvidos nos centros: Centro E153C1- Vivenda Aragón e Centro E153C2 Vivenda Anduriña
- Fomento e promoción da inclusión social: Servizo para fomentar, dentro dun marco de relacións, a participación e inclusión social das persoas en situación de dependencia. Ten como finalidade aportar unha estrutura de apoio social para que as persoas en situación de dependencia dispoñan dunha rede social de referencia e poidan superar os obstáculos que dificultan a súa participación en actividades sociais e de ocio, promovendo aspectos da autonomía persoal das persoas dependentes e facilitando oportunidades de participación na comunidade, desenvolvendo as súas actividades en contextos naturais e próximos das persoas.
 - Adestramento de habilidades persoais e sociais: Servizo dirixido ó fomento da adquisición de destrezas e habilidades para que as persoas en situación de dependencia melloren as súas relacións sociais, habilidades para a solución de problemas e as habilidades para a comunicación verbal e non verbal.
 - Fomento do autocoidado físico: Adestramento nas habilidades e destrezas en canto ás tarefas básicas do coidado físico: xantar, vestirse, espirse, peitearse, realizar a súa hixiene persoal, etc.
6. Área de apoio para o desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral: Conxunto de actuacións dirixidas a persoas dependentes en idade laboral, que promoven a incorporación da persoa dependente a un posto de traballo, facilitando os apoios necesarios para o desenvolvemento da súa vida profesional. Esta área inclúe os seguintes servizos: habilidades básicas e polivalentes para o emprego, formación ocupacional, formación practico-laboral e o emprego con apoio.
- Formación prelaboral (habilidades básicas e polivalentes para o emprego): Apoio ás persoas con discapacidade no proceso de adquisición e desenvolvemento de habilidades básicas, sociais e prelaborais, a fin de que poidan acadar, dentro das posibilidades de cada persoa usuaria, a máxima integración sociolaboral.
 - Formación ocupacional: Servizo dirixido a facilitar ós seus destinatarios/as unha atención diúrna de tipo rehabilitador para que poidan acadar, dentro das súas posibilidades, a máxima integración laboral. Ten como obxecto potenciar e conservar as capacidades laborais para que o usuario deste servizo estea en disposición de integrarse na actividade laboral cando as circunstancias o permitan.
 - Formación práctico-laboral: Prácticas formativas que teñen como obxecto aplicar as habilidades sociolaborais adquiridas nun contorno real e normalizado, co fin de acadar a inserción laboral das persoas con discapacidade ou enfermidade mental.
7. Emprego con apoio: Ten como finalidade a integración laboral das persoas coa Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual na empresa ordinaria. Consiste nun conxunto de servizos e accións de xeito individualizado, para que a persoa poida acceder, manterse e promocionarse nunha empresa ordinaria, co apoio dos profesionais dentro e fóra do lugar de traballo. Forma parte deste contido a adaptación e o seu adestramento no posto de traballo, tanto nos aspectos técnicos coma nas relacións laborais.
8. Área de Envellecemento Activo: Visión integral do envellecemento que ten en conta aqueles aspectos que fomentan o envellecemento activo dende o punto de vista saudable e na liña de promover e manter a calidade de vida a través de intervención e reforzo en



CENTRO DE PROMOCIÓN DE LA AUTONOMÍA PERSONAL



diferentes ámbitos da persoa con Actividades básicas e instrumentais da vida diaria, de autonomía, de psicomotricidade e xerontoximnasia, de Promoción da saúde, de estimulación cognitiva e de memoria, actividades condutuais, actividades socioculturais, educativas e de tempo libre.

9. Área Programa Transversais: dende esta área abórdanse temas como a Saúde, Voluntariado, Sensibilización da cidadanía, Formación dos profesionais e Prácticum

- a) Área de Saúde: Asegurar mecanismos de atención sanitaria e coidado da saúde. A importancia dunha correcta alimentación e o control da mesma. A toma de conciencia da saúde física e das posibles alternativas saudables.
- b) Área de Voluntariado: Este programa ten como finalidade a incorporación de persoas voluntarias aos programas que Down Vigo vén desenvolvendo. Tras un período de formación en diversas materias, como dereitos e deberes de voluntariado, filosofía da Asociación e obxectivos, así como a función a realizar, asínase un compromiso de colaboración entre ambas as partes por un tempo determinado, levando a cabo reunións de formación onde os principais temas tratados tiveron que ver con pautas educativas de actuación. A colaboración das persoas voluntarias nos diferentes programas de Down Vigo, facilita que leven a cabo as actividades encamiñadas á consecución da autonomía persoal
- c) Sensibilización: concienzación e divulgación:
 - o Charlas informativas os/as alumnos/as/compañeiros/as dos nosos/as usuarios/as para contestar as dúbidas ou curiosidades.
 - o Campañas de sensibilización dirixidas a presentar a Entidade en centros formativos, Institucionais do mundo da Universidade, explicando o fin que persegue.
 - o Impulso dunha imaxe social normalizadora a través da publicidade, dos medios de comunicación, etc...
 - o Sensibilización ós medios de comunicación social para o tratamento adecuado da Síndrome de Down.
 - o Favorecela visibilidade das persoas coa Síndrome de Down aproveitando os recursos da cidade
- d) Área Formación de Profesionais:
 - o Dispor de profesionais adecuadamente formados en cada unha das áreas de actuación, actualizados continuamente.
 - o Favorecer a Edición de materiais sobre a Discapacidade Intelectual y Síndrome de Down para profesionais de diversos ámbitos: médico, escolar,... etc.
 - o Participación na elaboración do plan de formación anual.
- e) Área Prácticum:
 - o Coa firma de distintos convenios, posibilitouse que 8 alumnos/as que estudaron en distintas universidades ou centros de ensino, poidan realizar prácticas na nosa Asociación.
 - o Colaborar na mellora da formación destes futuros profesionais no campo da discapacidade intelectual

CONTRATO DA XESTIÓN EN RÉXIME DE CONCERTO, DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DAS SITUACIÓNS DE DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO MUNICIPIO DE VIGO

EXPEDIENTE:

PA 72/2015

LOTE 5

SERVICIOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL LICITADOS	CONTRATO	EXECUCIÓN SERVIZO LICITADO	
	Nº MÁXIMO HORAS LICITADAS ANO	SERVIZOS OFERTADOS COMO MELLORAS	Nº HORAS
LOGOPEDIA	900	VALORACIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E COORDINACIÓN	190
ADESTRAMENTO DE HABILIDADES PERSOAIS E SOCIAIS	1.130	INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E FORMACIÓN DE FAMILIARES	190
FORMACIÓN PRELABORAL	1.800	ATENCIÓN PSICOLÓXICA	190
TOTAL	3.830	TOTAL	570

Breve descripción da actividade

Desenvolvemento de todos os servizos de Promoción da Autonomía Persoal.

b. Recursos humanos asinados á actividade

Persoal asalariado	38
Persoal con contrato de servizos	2
Persoal voluntario	16

c. Coste e financiación da actividade

COSTE		IMPORTE
Gastos por axudas e outros		18.430,79 €
a. Axudas monetarias	17.998,28 €	
c. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	432,51 €	
Gastos de persoal		1.113.939,86 €
Outros gastos da actividade		178.371,57 €
a. Arrendamentos e cánones	37.363,59 €	
b. Reparacións e conservación	20.559,11 €	
c. Servizos de profesionais independentes	18.106,06 €	
e. Primas de seguros	8.555,14 €	
f. Servizos bancarios	833,64 €	
h. Suministros	9.517,55 €	
i. Outros gastos da actividade	81.780,93 €	
j. Tributos	1.655,55 €	
Amortización do inmovilizado		33.494,19 €
Gastos financeiros		0,00 €
SUBTOTAL DE GASTOS		1.344.236,41 €
Adquisición de inmovilizado		19.767,94 €
SUBTOTAL DE INVERSIÓN		19.767,94 €
COSTE TOTAL DA ACTIVIDADE		1.364.004,35 €

FINANCIACIÓN		IMPORTE
Cuotas asociados		38.149,00 €
Prestación de servizos da actividade (incluído cuotas de usuarios)		311.247,42 €
Ingresos con origen en la Administración Pública		475.741,44 €
a.1 Contratos co Sector Público Xunta de Galicia PA 72/2015	106.029,33 €	
a.2 Contratos co Sector Público Universidade de Vigo	15.000,00 €	
b. Subvencións	354.712,11 €	
Outros ingresos do sector privado		642.344,31 €
a. Prestación de servizos	226.424,20 €	
b. Doazóns e legados	412.955,61 €	
c. Promocións captación de recursos	2.964,50 €	
Ingresos financeiros		0,00 €
Ingresos excepcionais		1.597,50 €
FINANCIACIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE		1.469.079,67 €

D. Beneficiarios/as da actividade

Número total de beneficiarios/as

Directos: 211 Indirectos: 422

Clases de beneficiarios

Persoas con Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual

Requisitos exixidos para ostentala condición de beneficiario/a:

Certificado de discapacidade igual ou superior ó 33%

Grao de atención que reciben os beneficiarios/as

O grao de atención aos usuarios contéplase de forma individualizada, unha vez realizada a valoración polo equipo multidisciplinar o que determinara as necesidades, servizo que precisa a persoa coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e os obxectivos que se plasmarán no seu programa individual.

E. Resultados obtidos e grao de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade

A actividade principal da Entidade consiste en prestar SERVICIOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL xa desglosados no punto 4 A (servizos comprendidos na actividade).

1. Área de información, valoración, seguemento e orientación:
 - o Valoración, seguemento, avaliación e coordinación: **211 usuarios/as valorados/as e atendidos/as**
 - o Información, orientación e formación a familiares: **422 familiares atendidas/os**
2. Atención temperá: **11 usuarios/as atendidos/as e 5 colexios visitados**
3. Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
 - o Rehabilitación funcional: **80 usuarios/as atendidos/as**
 - o Musicoterapia-Outras terapias alternativas: **34 usuarios/as atendidos/as**
 - o Logopedia: **65 usuarios/as atendidos/as**
 - o Estimulación cognitiva: **131 usuarios/as atendidos/as e 18 colexios visitados**
 - o Estimulación sensorial: **40 usuarios/as atendidos/as e 18 colexios visitados**
 - o Atención psicomotriz: **99 usuarios/as atendidos/as e 18 colexios visitados**
 - o Atención psicolóxica: **80 usuarios/as atendidos/as e 41 familias**
 - o Atención pedagóxica: **131 usuarios/as atendidos/as e 18 colexios visitados**
4. Área de actividades e programas. Actividades de ocio e tempo libre: **111 usuarios/as atendidos/as**
5. Área de habilitación psicosocial:
 - o Deseño de estratexias psicoeducativas: **40 usuarios/as atendidos/as**
 - o Apoio á vida independente: **8 usuarios/as atendidos/as**
 - o Centro E153C1- Vivenda Aragón
 - o Centro E153C2 Vivenda Anduriña
 - o Fomento e promoción da inclusión social: **202 usuarios/as atendidos/as**
 - o Adestramento de habilidades persoais e sociais: **231 usuarios/as atendidos/as e 18 colexios visitados**
 - o Fomento do autocoidado físico: **231 usuarios/as atendidos/as e 18 colexios visitados**
6. Área de apoio para o desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral:
 - o Formación prelaboral (habilidades básicas e polivalentes para o emprego): **75 usuarios/as atendidos/as**
 - o Formación ocupacional: **92 usuarios/as atendidos/as**

- Formación práctico-laboral: **41 usuarios/as atendidos/as**
- 7. Empleo con apoio: **76 usuarios/as atendidos/as**
 - Prácticas no laborales-acciones formativas: **5**
 - Prácticas laborales en empresas previas a contrato: **2**
 - Empresas visitadas: **46**
 - Nuevos contratos firmados: **16**
 - Contratos en vigor: **69**
- 8. Área de Envelhecimento Activo: **41 usuarios/as atendidos/as.**
- 9. Área Programa Transversais
 - a) Área de Saúde: **211 usuarios/as atendidos/as**
 - b) Área de Voluntariado: **16 voluntarios/as atendidos/as**
 - c) Sensibilización: concienciación e divulgación: **11 acciones de sensibilización con charlas informativas e de sensibilización.**
 - d) Área Formación de Profesionais: **Os profesionais participaron nalgunha das 56 formacións diferentes celebradas pola Entidade/Entidades do sector/Outros.**
 - e) Área Prácticum: **14 persoas de diferentes ámbitos formativos e diferentes áreas de especialización realizaron prácticas na Entidade o longo deste ano.**

Contrato para os Servizos de Prevención das Situacións de Dependencia e Promoción da Autonomía Pexonal para Persoas con Discapacidade Intelectual no Municipio de Vigo, Expediente: **PA 72/2015 Lote 5** dende o **01/01/2023 ó 31/12/2023** prorrogable anualmente.

CONTRATO DA XESTIÓN EN RÉXIME DE CONCERTO, DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DAS SITUACIÓNS DE DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PEXONAL PARA PEROAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO MUNICIPIO DE VIGO		
EXPEDIENTE:	PA 72/2015	LOTE 5

SERVICIOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PEXONAL LICITADOS	CONTRATO		EXECUCIÓN SERVIZO LICITADO			
	Nº MÁXIMO HORAS LICITADAS ANO 2023	PREZO/HORA	IMPORTES MÁXIMO LICITADAS	Nº PEXOAS ATENDIDAS	Nº HORAS ANUAIS EXECUTADAS / PRESTADAS NO 2023	IMPORTES ANUAIS EXECUTADOS / PRESTADOS NO 2023
LOGOPEDIA	900	24,66	22.194,00 €	4	900	22.913,84 €
ADESTRAMENTO DE HABILIDADES PEXOAS E SOCIAIS	1.130	23,91	26.091,70 €	5	1.089	25.496,68 €
FORMACIÓN PRELABORAL	1.800	33,61	58.410,00 €	8	1.766	57.618,81 €
TOTAL	3.830		106.695,70 €	17	3.755	106.029,33 €

Grao ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios
100 % de cumprimento dos fins estatutarios.

4. INFORMACIÓN XERAL SOBRE MEDIOS DA ASOCIACIÓN^{iv}

A. Medios personais

Persoal asalariado fixo

Número medio	Tipo de contrato	Categoría ou cualificación profesional
35	100, 150, 189, 200, 230, 289	Grupo Cotización: 1, 2, 3, 5, 10.
		Epígrafe AT e EP: 201

Persoal asalariado non fixo

Número medio	Tipo de contrato	Categoría ou cualificación profesional
3	505	Grupo Cotización: 2
		Epígrafe AT e EP: 201

Profesionais con contrato de arrendamento de servizos

Número medio	Características dos profesionais natureza dos servizos prestados á entidade
2	1 Licenciada en Dereito que imparte sesións na aula dirixidas ás mulleres do procedemento SI427A 1 Profesional que realiza apoio no colexio dunha usuaria

Voluntariado

Número medio	Actividades nas que participan
16	Nos servizos que desenvolve a ENTIDADE PRESTADORA SEPAP

Medios materiais

Centros ou establecementos da actividade

Número	Titularidad o relación jurídica	Localización
1	Xunta de Galicia Cesión: Autorización de Ocupación de Local	Rúa Portela nº 48, baixo, 36214 Vigo
1	Xunta de Galicia Cesión: Autorización de Ocupación de Vivenda	Rúa Aragón 209 portal 1-7ºL, Vigo
1	Concello de Vigo Cesión: Autorización de Ocupación de Vivenda	Rúa Anduriña 27, 6ºC, Vigo
1	Privada Contrato Alquiler	Avda Martínez Garrido 21 baixo, Vigo

Características

- Local rúa Portela nº 48 baixo de aproximadamente 430m², o cal dispón de diversas aulas, todas destinadas á impartición de servizos aos usuarios. Conta con pizarras digitais, antialérgicas, mesas e cadeiras adaptadas á idade dos usuarios, armarios e librerías para gardar o material educativo. Con espazo para a administración, sala de reunión de profesorado e despacho de dirección, almacén de limpeza, e baños para mozos e mozas.
- Local alugado en Avenida Martínez Garrido nº 21 baixo cunha superficie de 254m², adecuada para prestalos diferentes servizos que ofrecemos como Asociación a todos os usuarios/as. Destinado á impartición de servizos ós usuarios/as. Conta con pizarras dixitais, antialérgicas, mesas e cadeiras adaptadas á idade dos usuarios, armarios e librerías para gardar o material educativo, cociña para o desenvolvemento de actividades.
- Vivenda cedida da Xunta de Galicia na rúa Aragón 209 7º L, coa seguinte distribución: 1 habitación dobre, 2 habitacións individuais, 1 servizo hixiénico adaptado, 1 aseo, 1 cociña, 1 sala de estar-comedor.
- Vivenda cedida polo Concello de Vigo na rúa Anduriña 27 6ºC, coa seguinte distribución: 2 habitacións dobres, 1 habitación individual, 1 servizo hixiénico, 1 cociña, 1 sala de estar-comedor.

Equipamento

Número	Equipamento e vehículos	Localización / Identificación
52	Equipos informáticos (5 Core 2 Duo +13 Core i3 + 28 Core i5 + 5 Core i7)	R/ Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
12	Pizarras Dixitais Interactivas	R/ Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
31	Ipads e Tablets	R/ Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
4	Gafas Realidade Virtual	R/ Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
1	Fotocopiadora/Impresora Color en rede Konica-Minolta C224	R/ Portela nº 48, bajo
1	Fotocopiadora/Impresora en rede Brother DCP-8110DN	R/ Portela nº 48, bajo
1	Fotocopiadora/Impresora Negro en red Konica-Minolta 420	R/ Portela nº 48, bajo
1	Fax/Fotocopiadora/Impresora Brother HL-L2310D	R/ Portela nº 48, bajo
1	Fotocopiadora/Impresora Color en rede Konica-Minolta C284e	Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
2	Destructoras de Papel / CD's / Fellowees LX221	R/ Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
1	Plastificadora Leitz iLan Touch A3	R / Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
1	Plastificadora Leitz Fellowes Júpiter 2-A3	R / Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo
1	S.A.I. Netpower NPW2000	R / Portela nº 48, bajo
1	NAS Synology DS1821+	R / Portela nº 48, bajo
	Pizarras, cámara fotos, cámara video, teléfonos fixos, móbiles...	R / Portela nº 48, bajo Avda Martínez Garrido nº 21, bajo

B. Subvencions públicas

ORIXE	IMPORTE	APLICACIÓN	CONDICIONS
CONCELLO DE VIGO: CONCELLERÍA POLÍTICA DE BENESTAR	2.178,87 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE EDUCACIÓN	CONCORRENCIA
CONCELLO DE VIGO: CONCELLERÍA-PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO	30.000,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE EMPREGO CON APOIO	CONCORRENCIA
CONCELLO DE VIGO: CONCELLERÍA POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL	6.500,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE AUTONOMÍA	CONVENIO NOMINATIVO
CONCELLO DE VIGO: UNIDADE DE PATRIMONIO	5.400,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE AUTONOMÍA	CESIÓN USO VIVENDA ANDURIÑA
CONCELLO DE VIGO: CONCELLERÍA DE DEPORTES	1.620,96 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE INTEGRACIÓN SOCIAL	CONVENIO USO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA: COHESIÓN SOCIAL	10.000,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREAS DE INTEGRACIÓN SOCIAL E FORMACIÓN	CONVENIO NOMINATIVO
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA: IGUALDADE	6.000,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA: FORMACIÓN	CONCORRENCIA
TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL	3.931,14 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE PROGRAMAS TRANSVERSAIS	BONIFICACIÓNS
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E IGUALDADE	103.839,44 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE EMPREGO CON APOIO	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	56.090,22 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREAS DE AUTONOMÍA E FORMACIÓN	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	58.598,56 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: AXENTES DE EMPREGO	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	32.899,77 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: INCLUSIÓN-ITINERARIOS	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	7.844,67 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: INCLUSIÓN-ACHEGAMENTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	12.000,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE PROGRAMAS TRANSVERSAIS	CESIÓN USO LOCAL RÚA PORTELA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE-IRPF 0'7%	11.778,47 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: FORMACIÓN UNIVERSITARIA PARA MULLERES, MELLORA DA EMPREGABILIDADE	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL-INICIATIVA XOVE	5.000,00 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL: SERVIZO DE XUVENTUDE	CONCORRENCIA
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	1.030,01 €	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSONAL: SERVIZO DE VOLUNTARIADO	CONCORRENCIA
SUBTOTAL SUBVENCIONS OFICIAIS	354.712,11 €		

ORIXE	IMPORTE	APLICACIÓN	CONDICIONS
XUNTA DE GALICIA: CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	106.029,33 €	PROMOCIÓN AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE PROGRAMAS TRANSVERSAIS	CONTRATO PA 72/2015 LOTE 5
UNIVERSIDADE DE VIGO	15.000,00 €	PROMOCIÓN AUTONOMÍA PERSOAL: ÁREA DE FORMACIÓN	CONVENIO
SUBTOTAL PRESTACIONS DE SERVICIOS PÚBLICAS	121.029,33 €		

TOTAL SUBVENCIONS PÚBLICAS	475.741,44 €
-----------------------------------	---------------------

5. RETRIBUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA*

A. No desempeño das súas funcións

Concepto	Orixen	Importe
-----	-----	0

B. Por funcións distintas ás exercidas como membro da Xunta Directiva

Posto de traballo	Habilitación estatutaria	Importe
-----	-----	0

Na realización de todas as súas actividades, Down Vigo: Asociación para Síndrome de Down contempla o cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, así coma o disposto en polo Real Decreto 1720/2007, o cumprimento do Regulamento U.E. 2016/679, de 27 de abril, e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. En concreto na prestación do servizo SEPAP, para os destinatarios do servizo conta con ficheiros de "Usuarios" e "Asociados" rexistrados na AEPD, garantindo no tratamento de ditos datos persoais a absoluta confidencialidade e reserva, así como integridade dos datos que se manexan e a súa dispoñibilidade para os autorizados segundo se establece no "Documento de Seguridade" da Entidade, no cal se recollen as medidas técnicas e organizativas adoptadas para garantir dita protección, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos recursos afectados.

*Tralo pasamento do Tesoureiro D. Jorge González Rodríguez no mes de outubro de 2023 celébrase unha reunión o 2/11/2023 na que se acorda que ditas función recaerán no Presidente D. José Manuel García Oros ata a celebración da Asamblea Xeral Extraordinaria tal como figura no punto 3 da Acta.

6. ORGANIZACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS, CENTROS OU FUNCIÓNS NOS QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DA ENTIDADE

A actividade da Asociación organízase en Áreas de actuación, éstas xestionan os servizos da mesma e os programas de cada servizo.

ACOLLIDA DE USUARIOS

- 1) ÁREA DE VALORACIÓN, SEGUIMIENTO E ORIENTACIÓN
- 2) ÁREA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E FORMACIÓN A FAMILIARES

ÁREA PSICOLÓXICA

- 3) ÁREA ATENCIÓN PSICOLÓXICA

ÁREA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- 4) ÁREA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

ÁREA DE EDUCACIÓN

- 5) ÁREA PROMOCIÓN, MANTEMENTO E RECUPERACIÓN DA AUTONOMÍA FUNCIONAL/ÁREA DE HABILITACIÓN PSICOSOCIAL:

5.1 PROMOCIÓN, MANTEMENTO E RECUPERACIÓN DA AUTONOMÍA FUNCIONAL:

- a) Rehabilitación Funcional
- b) Outras Terapias alternativas: Musicoterapia, Colorterapia
- c) Logopedia
- d) Terapia Ocupacional
- e) Estimulación Cognitiva
- f) Estimulación Sensorial
- g) Atención Psicomotriz
- h) Atención Pedagóxica

5.2 HABILITACIÓN PSICOSOCIAL

- a) Deseño de estratexias psicoeducativas
- b) Fomento e promoción da inclusión social
- c) Adestramento de habilidades persoais e sociais
- d) Fomento do autocoidado físico

ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN

- 6) ÁREA DE APOIO PARA O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL E SOCIAL-EMPREGO E FORMACIÓN:

6.1 ITINERARIO DE FORMACIÓN BÁSICA E POLIVALENTE PARA O EMPREGO

- a) Formación Pre-laboral: Habilidades Básicas e Polivalentes para o Emprego
- b) Formación Ocupacional
- c) Formación Práctico-Laboral

6.2 ITINERARIO DE APOIO O DESENVOLVEMENTO INDIVIDUAL

- a) Programa de Habilidades Adaptativas

- 7) ÁREA DE EMPREGO CON APOIO

ÁREA DE INTEGRACIÓN SOCIAL

- 8) ÁREA DE OCIO E TEMPO LIBRE/ ÁREA DE HABILITACIÓN PSICOSOCIAL:

8.1 APOIO Á VIDA INDEPENDENTE:

- o Centro E153C1- Vivenda Aragón
- o Centro E153C2 Vivenda Anduriña

8.2 HABILITACIÓN PSICOSOCIAL

- a) Fomento e promoción da inclusión social
- b) Adestramento de habilidades persoais e sociais
- c) Fomento do autocoidado físico








ÁREA DE PROGRAMAS TRANSVERSAIS

- 9) ÁREA ENVELLECIMENTO ACTIVO

- 10) ÁREA PROGRAMA TRANSVERSAIS

- a) Área de Saúde
- b) Área de Voluntariado
- c) Sensibilización: conciencización e divulgación
- d) Área Formación de Profesionais
- e) Área Prácticum

Sinatura da Memoria polos membros da Xunta Directiva ou Órgano de representación da Entidade

Nome e Apelidos	Cargo	Firma
José Manuel García Orois	Presidente	
Mercedes Riveiro Rodríguez	Vicepresidenta	
José Manuel García Orois	Tesoureiro	
Celia Fernández Correa	Secretaria	
Andrea Lemos López	Vocal	
Ana Mª Fernández Fernández	Vocal	
José Ricardo Estanislao Troncoso Durán	Vocal	
Avelina Bar Pérez	Vocal	